Guía Docente					
Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Tecnoloxías lingüísticas			Código	613836004
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)				
Descriptores					
Ciclo	Período	Curso		Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro		Obrigatoria	3
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Alonso Ramos, Margarita		Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es	
Profesorado	Alonso Ramos, Margarita		Correo electrónico	margarita.alonso@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado na comprensión dos conceptos e das técnicas utilizadas no procesamento automático das linguas naturais e no uso das ferramentas, aplicacións e recursos de tecnoloxía lingüística.				

Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Sesión maxistral Prácticas a través de TIC (computa na avaliación) Traballos tutelados (computa na avaliación) Obradoiro (computa na avaliación) *Metodoloxías docentes que se modifican Obradoiros serán só non presenciais pero poderase organizar por grupos en TEAMS 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Mecanismos de atención permanente: correo electrónico e Moodle Mecanismos de atención dispoñibles a petición do alumnado: Vídeo-titorías a través de Teams. 4. Modificacións na avaliación Non se realizarán cambios dado que esta materia xa estaba ideada cun deseño de traballos, prácticas e obradoiros. Traballos tutelados: 65% Prácticas a través das TIC: 20% Obradoiro: 15% *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás as referencias ao cómputo da asistencia que só se realizará ata no momento que se suspenda a actividade presencial. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo de maneira dixitalizada en Moodle.

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
A5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
A6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
A7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...).
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
A10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.

B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudantes para que adquiran coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B8	Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
B10	Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster.
C3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Comprender o concepto de tecnoloxía lingüística e coñecer o seu papel na sociedade actual	AI2 AI5 AI7 AI9	BI2 BI4 BI5	CM3 CM5 CM6 CM8
Familiarizarse con diferentes ferramentas e recursos lingüísticos.	AI9	BI8 BI9	CM8
Coñecer as perspectivas que ofrece o procesamento automático da lingua natural no eido da tradución, da lexicografía e da aprendizaxe de linguas	AI6 AI7	BI2 BI6 BI7 BI8 BI10	CM8
Estar capacitado para operar no tratamiento automático da linguaxe	AI10	BI2 BI5 BI7	CM3 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Lingua e Sociedade do coñecemento	1.1. Tecnoloxías lingüísticas e Procesamento de lingua natural (PLN) 1.2. Panorámica das aplicacións das tecnoloxías e do PLN
2. Escritura asistida por ordenador	2.1. Corrección ortográfica, léxica, gramatical e estilística 2.2. Correctores en procesadores de textos 2.3. Correctores en liña
3. Dicionarios electrónicos	3.1. Concepto de dicionario electrónico 3.2. Dicionarios en soporte informático e en liña 3.3. Deseño e explotación de dicionarios electrónicos 3.4. Presentación de proxectos léxicos en curso

4. Tradución automática	4.1. Tradución automática (TA) e tradución asistida por ordenador 4.2. Sistemas de TA baseados en regras 4.3. Sistemas de TA baseados en estatística 4.4. Memorias de tradución
5. Aprendizaxe de linguas asistido por ordenador (CALL)	5.1. Sistemas de aprendizaxe de linguas 5.2. Compilación e explotación de corpus de aprendices (learner corpus) 5.3. Uso de programas de concordancias na ALAO

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A6 B2 B6 B7 C3	8	24	32
Prácticas a través de TIC	A7 A9 A10 B5 B7 B8 C5	0	11	11
Traballos tutelados	A5 B2 B4 B7 B9 C6	0	18	18
Obradoiro	A9 A10 B2 B8 B10 C6 C8	10	0	10
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición, por parte do profesorado da materia, dos contidos obxecto de estudo ou das actividades que ten que desenvolver o alumnado.
Prácticas a través de TIC	Prácticas autónomas de ferramentas, aplicacións ou recursos obxecto de estudo da materia
Traballos tutelados	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliables propostas. Nos traballos dirixidos é onde o estudante pon en práctica os coñecementos adquiridos no curso. Trátase de executar a idea de aprender facendo ou realizar para comprender.
Obradoiro	O complemento das sesións teóricas. Os estudantes desenvolverán prácticas tanto individuais como por grupos. Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral Prácticas a través de TIC Obradoiro	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais dos distintos traballos. Titorías de libre disposición. Poderánse adoptar as adaptaciones oportunas para o estudantado con modalidades específicas de aprendizaxe.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	**Cualificación**
Traballos tutelados	A5 B2 B4 B7 B9 C6	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliables propostas. Nos traballos dirixidos é onde o estudante pon en práctica os coñecementos adquiridos no curso. Os traballos irán entregándose ó longo do curso nas datas que se sinalarán.	65

Prácticas a través de TIC	A7 A9 A10 B5 B7 B8 C5	O estudante practicará diferentes sistemas de Tradución automática e de correctores en liña, ademais de consultar diferentes corpus e dicionarios electrónicos dispoñibeis na web.	20
Obradoiro	A9 A10 B2 B8 B10 C6 C8	Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaranse distintas metodoloxías (solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.	15

Observacións avaliación
Lea atentamente a información que segue. 1. O plaxio total ou parcial pode conlevar o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra. 2. A CUALIFICACIÓN FINAL responderá ao seguinte reparto porcentual: 2.1) Un 65% obterase polos traballos tutelados que se irán entregando ao longo do curso nas datas que se fixarán na aula. 2.2) Un 15% obterase da realización das actividades e prácticas (individuais ou grupais), que se realizarán na aula ao longo do curso. Observaranse o aproveitamento e a evolución individual do alumno, mais tamén a súa dinámica na aula, a colaboración cos compañeiros e todos aqueles elementos que teñan que ver coa aprendizaxe colaborativa. 2.3) Un 20% responderá as prácticas autónomas a través das TIC que os estudantes realizarán ao longo do curso nas datas que se fixarán na aula. Moi importante: Este reparto porcentual só é válido para as persoas que asisten con regularidad e participan nos obradoiros e nas prácticas. As persoas que teñan dispensa académica ou que xustifiquen a falta de asistencia recibirán un 100% da súa nota final pola realización dos traballos tutelados tanto na primeira coma na segunda oportunidade. Calificación de No Presentado. Recibirán calificación de Non Presentado (N.P.) solo aquelas personas que entreguen ou realicen menos do 30% das actividades evaluables. CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES: SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO. O estudantado poderá presentar unha nova versión daqueles traballos de curso (actividades avaliables e traballo tutelado) que non tivesen acadado o nivel suficiente, ou, de ser o caso, poderánselle encomendar unha serie de actividades substitutivas que se anunciarían oportunamernte no momento de lle comunicar as notas da 1.ª oportunidade. No caso de cualificación insuficiente no módulo de asistencia e participación, a nota do/s traballo/s mencionados constituirá o 100% da cualificación final. ESTUDANTADO CON DISPENSA DE ASISTENCIA: a puntuación acadada polos traballos (parciais e final) suporá o 100% da cualificación final, tanto na primeira coma na segunda oportunidade.

Fontes de información	
Bibliografía básica	Cal, M., P. Núñez & I. Palacios, eds. (2005), Nuevas tecnologías en lingüística, traducción y enseñanza de lenguas, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.Hutchins, W.J. & H.L. Somers (1995), Introducción a la traducción automática, Madrid: Visor.Lavid, J. (2005), Lenguaje y nuevas tecnologías: nuevas perspectivas, métodos y herramientas para el lingüista del siglo XXI, Madrid: Cátedra.Martí, M.ª A., coord. (2003),Tecnologías del lenguaje, Barcelona: UOC.Ruiz, J. C. (2005), ?Lenguaje e informática/Lenguaje y ordenadores?, en Á. López & B. Gallardo (eds.), Conocimiento y lenguaje, València: Universitat, 401-436.
Bibliografía complementaria	Clark, Alexander, Chris Fox & Shalom Lappin, eds. (2010). The Handbook of Computational Linguistics and Natural Language Processing. Malden: Wiley-Blackwell.Indurkhya, N. & F. J. Damerau, eds. (2010), Handbook of Natural Language Processing, Boca Ratón, FL: CRC.Jurafsky, D. & J. H. Martin (2009), Speech and Language Processing. An Introduction to Natural Language Processing, Computational Linguistics and Speech Recognition, Upper Saddle River, NJ: Pearson Prentice Hall.Martí, M.ª A. & J. Llisterri, eds. (2004),Tecnologías del texto y del habla, Barcelona: Edicions Universitat de Barcelona.Mitkov, R., ed. (2003), The Oxford Handbook of Computational Linguistics, Oxford University Press.

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Nesta materia, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento clave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a presenza e participación activa na aula.Para superar a materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como no seu traballo persoal fóra da aula.O alumnado deberá consultar o espazo web da materia con regularidade, xa que este será o medio principal de comunicación e de entrega de materiais por parte do profesor.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías